



Xacobiño da Portela
acaba de se casar
con Carmela da Furada,
a máis guapa do lughar.

Xacobo era mozo
que non era neno,
cincuenta e dous anos,

...

Xacobo era listo,
un ghran veterano,
pero ó casarse
lovou un gran petardo.

Pensou que Carmela
estaba cillera,
e a pobre andaba
de mala maneira.

Ó cabo de catro días
que de casados levaban
alá pola media noite
Carmela púxose mala.

O pobre Xacobo
tirouse da cama
"¿Qué tes Carmeliña,
miña nemorada?".

"Eu non sei que teño
sei que vou morrer,
volá polo médico,
Xacobo a correr."

"Tráeme unha pouca manteigha
pra fregar esta barrigha
que me doi que é unha meigha."

Xacobo descalzo,
mortiño de frío,
catorce escaleiras
saltounas dun brinco.



Abreu a lacena,
colleu a manteigha
e de tanta prisa
rompeu a pucheira.

Xacobo, todo apurado,
colleu unha presa chea
e chorando o pobre home
foi pa xunto da Carmela.

“Frótame, frótame”
Carmela decía,
"Aprétame ben
de baixo pra riba.

Eu non sei que teño
na miña barrigha:
dolores tan ghrandes
n-os tiven na vida”.

Despois das freghiñas dadas
o pobre todo apurado
foi o pobre polo médico,
que cheghou de contado.

Mirouna con xeito,
por baixo e por riba,
ó ver como estaba
pegáballe a risa.

“Esta rapaza está ben,
por hoxe non hai peligro,
porque o mal que ela tén
e un mal moi conocido.

Este mal é corto
pero é moi claro
porque a rapaza
ándalle de parto.”

“Señor doctor, non se engañe
dixo Xacobo enseguida,
porque o que usté me dí
creo que será mentira.

Solo catro días
que levo casado,
como poder ser
que ande de parto? ”.



“Pois isto éche verdá,
ten pacencia, Xacobiño,
porque nacéndoche na casa,
pois sempre será teu fillo”.

“Eu non quero nada,
contestou Xacobo,
alá a miña sogra
que cargue con todo”.

“Ela tivo a culpa
Que eu fora casado,
sabendo ca filla
tiña contrabando”.

Así é que rapaciños
hai que ter moito coidado,
hai que mirar ben ás mozas
non leven contrabando.

Miralas con xeito
por baixo e pro riba
como vetrinarios
pasarlle revista.

O pobre Xacobo
por ser confiado
levou a muller
comida de ratos.

Carmeliña dou a lus
de un neniño moi guapo,
e co seu chorar decía:
“Xacobo, vaimo arrolando”.

Pero o Xacobo
marchouse da casa,
e siquera quixo
mirarlle pra cara.

Arreglou as cousas,
foise a Venezuela
e deixou quedar
á pobre Carmela.